ITINERARIO APROXIMADO DA VIAXE A IRLANDA

do Seminario de Estudos da Costa da Morte

(22-29 DE AGOSTO DE 2013)

Día 22, xoves: Dublín

Chegada a **Dublín** pola tarde. Recepción no hotel. Posibilidade de pasear por algunha das rúas céntricas da cidade (Graftan Street, Ó Connell Street...) e ver por fóra algúns dos monumentos e edificios máis cercanos e estas rúas: Banco de Irlanda, estatua de Molly Malone, paseos polas beiras do río Liffey e pontes que o atravesan, Edificio de Correos, fontana de Anna Livia, monumentos a Ó Connell e a Parnell, a Pro-Catedral etc.).

1ª noite (hotel en Dublín)

Día 23, venres: Dublín – Cobh - Cork – Killarney

traxecto	Distancia (km)	Tempo aprox.
Dublin-Cobh (polo interior, M7 + N8, por Cashel) 260 +15	275 km	3 h
Cobh-Cork	25 km	25 min
Cork-Killarney	86 km	1 h 20 min
Total	**386 km**	**5 h**

3

1. COBH

Cobh [pronúnciase *kóu*] é a gaelización do nome en inglés da cidade, **Cove** ('cala'), que era o que tiña ata que en 1849. A resultas dunha visita da raíña Victoria á cidade, os ingleses lle cambiaron o nome polo de **Queenstown** ('a cidade da raíña'), posto que daquela Irlanda aínda pertencía ó Imperio británico. Este foi o nome que tivo deica 1921, data en que o Estado Libre de Irlanda decidiu impoñerlle o **topónimo gaélico** (*an Cóbh*) e non o inglés. Ten uns 6.500 hab.

Vista de Cobh e o seu 'harbour', desde o adro da catedral (foto X.MªLema)

De 1750 é a primeira referencia documental do seu nome en inglés, Cove, porque antes seica se chamaba **Ballyvoloon**. A mediados do séc. XVIII era unha pequena vila de pescadores situada na cala ou porto natural de Cork ('the cove or harbour of Cork'). Nesta cala empezaron a fondear os barcos de guerra británicos (a Royal Navy) para levar tropas á América do Norte, entre 1775 e 1781, con motivo da Guerra da Independencia estadounidense.

A súa prosperidade continúa coas **guerras napoleónicas**, pois a finais do séc. XVIII e ata 1815, Cove converteuse no centro de operacións contra Francia. Precisamente no Cemiterio da Igrexa Vella de Cobh (Old Church Cementery) está enterrado o reverendo **Charles Wolfe** (1791-1823), poeta irlandés en lingua inglesa que en 1816 escribiu **un poema** dedicado ó enterro do xeneral escocés **Sir John Moore** na Coruña (*Burial of Sir John Moore at Corunna*), poema que aparece en todas as antoloxía inglesas dos séculos XIX e XX.

Cobh: a catedral de St. Colman (católica), desde o porto

Desde 1791 e polo menos ata 1840, Cove foi porto de **embarque de convictos** para a colonia de **Australia** (Sydney). En principio eran criminais e delincuentes comúns, pero axiña se deportaron tamén nacionalistas irlandeses (sobre todo a partir da rebelión de Westford, de 1798). Na illa de Spike (*Spike Island*) da baía, onde houbera un mosteiro, había unha prisión onde se encerraban os prisioneiros antes de deportalos para Tasmania.

A partir de 1845 os convictos foron substituídos por **emigrantes**, que abandonaban a illa a causa da **Gran Fame** causada pola crise da pataca. Entre 1845 e 1851 emigraron polo menos 1.500.000 irlandeses, ós Estados Unidos principalmente (Boston e Nova York sobre todo), pero tamén a Canadá e a Australia.

O 3 de agosto de 1849 desembarca en Cove e toca por vez primeira solo irlandés, a súa primeira colonia, a **raíña Victoria**. Para conmemorar o evento, cámbiase o nome da vila.



Queenstown convértese no maior porto de partida de emigrantes de Irlanda: máis de 2.500.000 dos 6 millóns de irlandeses que emigraron a Norteamérica de 1848 a 1950 saíron de aquí.

O 11 de abril de 1912, a aínda daquela chamada Queenstown foi o derradeiro porto que tocou o ***Titanic*** para cruzar o Atlántico na súa viaxe inaugural. Ían nel 123 pasaxeiros. Tres días despois o trasatlántico chocaría cun iceberg a 400 millas (640 km) de Terra Nova. Só sobreviviron 40 pasaxeiros.

Durante a **I Guerra Mundial (1914-1918)** Queenstown foi unha base moi importante, polo seu ben protexido porto. O 7 de maio de 1915, o trasatlántico americano ***Lusitania***, que viña de Nova York a Liverpool, foi toperdeado por un submarino alemán a 10 millas (16 km) do cabo de Kinsale. Morreron afogados 1.198 pasaxeiros e sobreviviron 700, que foron atendidos en Cobh na súa maior parte. Este ataque alemán provocou a entrada dos EE.UU. na IGM a favor dos aliados (Gran Bretaña, Francia, Italia...).

Ó final da Guerra da Independencia contra Gran Bretaña (1919-1921) o Estado Libre de Irlanda eliminoulle o nome colonial británico e volveu a impoñerlle o antigo, pero na forma gaélica, **Cobh**. Tras esta primeira "descafeinada" independencia, o porto non pasou totalmente á soberanía irlandesa, pois os británicos, no Tratado Anglo-Irlandés de 1921, mantiñan o seu dominio sobre o porto, pola súa importancia como base militar (particularmente a Spike Island); ata 1938 non foi entregada ás autoridades irlandesas ata 1938.

Durante os anos vinte o porto seguiu sendo o punto de partida dos emigrantes do sur e o oeste de Irlanda cara ós EE. UU. e Canadá. Nos anos trinta a emigración decae, porque a crise do 1929 provoca restricións nos países de acollida.

Na súa costa tamén houbo outros **famosos naufraxios**, coma o trasatlántico ***Celtic***, o 9 de decembro de 1928.

Coa **IIGM** (1939-1945), na que a República de Irlanda foi neutral, apenas existiu emigración. Recuperouse un pouco de 1950 a 1960, pero logo seguiu baixando. Os trasatlánticos con liña cos EE.UU. tamén se dedicaban ó turismo, sobre todo ó étnico, ó dos descendentes dos emigrantes irlandeses.

Lugares visitables.- A catedral de St. Colman (católica), neogótica, construída entre 1868 e 1915, cun campanario de 49 campás.

- ***The Queenstown Story Heritage Centre*** (Centro do Patrimonio Histórico de Queenstown).
- ***Lusitania Memorial*** (en Casement Square).
- ***Titanic Memorial*** (Westbourne Place).
- **Museo da Emigración**.
- o percorrido do Titanic (Titanic Trail), a pé.
- o *Cobh Museum*
- no porto: escultura de **Annie Moore** e os seus irmáns (esta muller foi a primeira en ser admitida nos EE.UU. a través do novo centro de inmigrates de Nova York, a Illa de Ellis).

2. CORK

Cork (en gaél. ***Corcaigh***, derivado de *corcach* 'marisma'), cuns 120.000 hab, é a segunda cidade da República de Irlanda e a terceira da illa (despois de Dublín e Belfast).
Está construída na desembocadura do río Lee, co seu centro nunha illa formada entre os dous brazos do río. A súa baía –onde se atopa o porto de Cobh- é un dos portos naturais máis grandes do mundo.

A cidade rebelde

A cidade medrou arredor dun mosteiro fundado no séc. VI por san Finbar (un de tantos santos irlandeses). No séc. VIII e IX foi un asentamento dos invasores viquingos. No séc. XII os anglonormandos tomaron a cidade. No séc. XIII empezouse a amurallar.
Desde finais da Idade Media foi chamada 'a cidade rebelde' (*the rebel city*, *rebel Cork*).
En 1640 Cork apoiou ó rei Carlos I de Inglaterra na súa loita contra o Parlamento; por esta causa, Oliver Cromwell entrou na cidade e causou moito dano. En 1690 a cidade sufriu un longo asedio por parte das tropas de Guillermo II de Orange (protestante), que logo mandaría derrubar as murallas.
A principios do séc. XVIII aséntanse na cidade protestantes franceses (hugonotes) que fuxían da persecución relixiosa de Luís XIV de Francia. Neste período levantáronse edificios de estilo xeorxiano, como a Igrexa de Cristo (*Christ Church*, 1726), a de santa Ana Shandon (1722-26) e o edificio da Aduana (*Custom House*, 1724). Lembrando esta época queda a rúa da Igrexa Francesa (*French Church Street*).

O río Lee en Corcaigh

A torre da igrexa de Santa Ana Shandon é o edificio máis famoso de Cork; domina o lado norte da cidade. O reloxo da súa torre é coñecido coma "o Mentireiro das Catro Caras" (*the Four-faced Liar*), porque desde a base cada reloxo parece mostrar unha hora diferente.
No séc. XIX os habitantes da cidade seguiron facendo boa a súa reputación rebelde, pois nela xurdiron as principais protestas contra o dominio británico. Cork era unha praza forte dos fenianos (*Fenians*, nacionalistas radicais do séc. XIX).
En 1920 os **Black and Tans** ('Negros e Caquis'), sinistra policía británica, incendiaron o centro da cidade e destruíron a Casa do Concello. Tras a independencia, en 1930 o goberno británico asumiu a súa reconstrución como xesto de boa vontade.

De Clonahilty (Co. de Cork) era nativo ***Mícheál Eoin Ó Coileáin*** (Michael Collins). Participara na rebelión de Pascua de 1916; foi detido e encarcerado. Cando volveu da prisión decatouse de que non se podían enfrontar ós ingleses de igual a igual e fundou, a partir do Corpo de

Derradeira foto de M. Collins (agosto 1922)

Voluntarios Irlandeses, un exército clandestino (*Irish Republican Army* [IRA]) para practicar a guerrilla urbana. En 1919 Collins sería nomeado ministro de Finanzas polo 'presidente' De Valera. Este goberno irlandés existía só no papel, pois Irlanda aínda seguía pertencendo a Gran Bretaña. En 1920 o goberno británico puxo prezo á súa cabeza: dez mil libras. Moi corpudo, tiña o alcume de *The Big Fellow* ('o Mangallón'). Malia as diferenzas e rivalidades existentes entre eles, Éamon de Valera designou a Collins e a Arthur Griffith para levar a cabo as negociacións entre os independentistas irlandeses e o goberno británico do Primeiro Ministro **David Lloyd George.** As negociacións de Londres remataron co **Tratado Anglo-Irlandés** do 6 de decembro de 1921, abría a porta ó Estado Libre Irlandés (*Irish Free State*), que se crearía oficialmente en decembro de 1922. De Valera e outros membros do Sinn Féin non aceptaron o tratado e estalou a Guerra Civil entre os partidarios e os contrarios. Collins, convertido en Comandante en Xefe do Exército Irlandés, sufriría o 22 de agosto de 1922 unha emboscada no seu condado natal, Cork, e morrería no tiroteo da estrada de Bandon, na aldea de Béal na mBláth, onde hoxe hai unha placa conmemorativa. Tiña 31 anos.

En 1996 Neil Jordan dirixe o filme ***Michael Collins***, protagonizada por Liam Neeson (M. Collins) e Julia Roberts (Kitty Kiernan, a súa prometida). Malia o éxito de crítica e público, os historiadores criticaron a película pola súa falta de precisión histórica.

Hoxe en día os habitantes de Cork séguense vendo **diferentes** ós do resto de Irlanda e rivalizan con Dublín. Din que a súa cidade debera ser a verdadeira capital (*the Real Capital*), pois Dublín é moi británica. Denomínanse a si mesmos "os rebeldes" (*the rebels*), o seu condado é "o Condado rebelde" (*the Rebel County*); mesmo levan camisetas coa frase *The People's Republic of Cork* ('República Popular de Cork') impresa en varios idiomas. A súa bandeira bicolor ondea, ás veces soa, en edificios privados e públicos.

Os habitantes de Cork tamén presumen do seu particular **acento**, mesmo diferente a cada beira do río Lee.

A rúa principal é de San Patricio (*St. Patrick Street*), remodelada en 2004, con importantes edificios. Preto dela a Grand Parade, avenida arborada. Tamén é moi concorrido o Mercado Inglés (*English Market*)

Ademais da igrexa de Santa Ana Shandon e a de Cristo, hai dúas catedrais, a de Santa María e Santa Ana (católica romana) e a de san Finbar (*St. Finbarre's Cathedral*, anglicana, da Igrexa de Irlanda).

O rito de bicar a pedra de Blarney

Nos arredores, o **castelo de BLARNEY** (*Blarney Castle*), famoso pola súa **pedra**, que concede o don da elocuencia a quen lle dá un bico. A 2 km da cidade atópase o castelo de Blackrock, do séc. XVI, reconstruído en 1829.

Kinsale (*Cionn iSaile*, en gaélico), pequeno porto a 25 km de Cork, un dos principais sitios turísticos de vacacións do verán, sobre todo para os ingleses, con deportes mariños e golf. En **1601** desembarcaron as tropas españolas que o rei Filipe III enviara en axuda dos condes católicos do Ulster Ó Donnell e Ó Neill, que se rebelaran contra Isabel I de Inglaterra. A expedición española foi derrotada en Kinsale, e os condes acabarían fuxindo da illa coas súas familias en 1607 (a **Fuxida dos Condes).** En **1690** embarcou neste porto cara ó exilio o rei católico James II de Inglaterra, tras a súa derrota do río Bóinne.

7

KILLARNEY

Killarney (gaél. ***Cill Airne***), cidade duns 14.000 hab. da provincia de Munster e do condado de Kerry. Ben situada para visitar o Anel de Kerry (*Ring of Kerry*) e a península de Dingle, dúas fisterras irlandesas. En 2007 recibiu o título de "cidade mellor conservada de Irlanda".
Está situada ós pés da cadea montañosa de Macgillycuddy's Reeks, onde se atopa o pico máis alto da illa de Irlanda, o **Carrantoohil** (gaél. *Corrán Tuathail*) 1038 m de altitude.

Monumentos:

A **catedral de Santa María** (*St. Mary's Cathedral*), neogótica, construída en 1855 por Augustus Pugin.

A **Muckross House** and **Abbey** (mansión –pazo- e abadía de Muckross), a 6 km da cidade, xunto ó lago Leane (*Lough Leane*). A abadía fundárase en 1448 para os franciscanos; nela consérvase a árbore máis antiga de Irlanda: un teixo plantado cando se fundou o convento (está protexido cun valo circular). A mansión foi obra do arquitecto escocés William Burn para Henry Arthur Herbert e a súa muller Mary B. Herbert.

Rúa de Killarney

O **castelo de Ross** (*Ross Castle*), medieval, do séc. XV, situado nunha pequena illa do lago Leane, a illa Ross.

Lough Leane, no Parque Nacional de Kellarney (foto X.MªLema)

Parque Nacional de Killarney, o primeiro que se declarou en Irlanda, en 1932, cando a mansión Muckross foi doada ó novo estado independente irlandés. Conta con máis de 10.000 ha. de extensión. Nel atópase a Fervenza de Tore.

Killarney é unha vila moi turística (visitantes de Irlanda, EE.UU., Reino Unido, Alemaña etc.). Conta con **tres equipos de fútbol gaélico**, que compiten nunha liga do condado de Kerry. O fútbol gaélico é moi popular na Irlanda rural.

Vida nocturna moi activa. Os **pubs** están cheos todos os días da semana no verán; os máis visitados son: *Mustang Sallys*, *McSorleys*, *Scruffys*, *Scotts*, *Charlie Foleys*, *Jades Bar New Street*, *The Grand Hotel* e *The Granary*.

2ª noite (hotel en Killarney)

Día 24, sábado:

Killarney – península de Dingle – Limerick - Shannon



traxecto	Distancia (km)	Tempo aprox.
Killarney-Castlemaine-Dunquin (25 + 60)	85 km	1 h 30 min
Dunquin-Tralee- Limerick	165 km	2 h 40 min
Limerick-Shannon	20 km	25 min
total	**320 km**	**case 4 h**

A PENÍNSULA DE DINGLE

A península de Dingle (Co. De Kerry) é a fisterra irlandesa. No seu extremo occidental está o **cabo Garraun**, e diante del, as **illas Blasket** (a 10º 27' e 16'' lonxitude oeste[1]),

A vila de **Dingle** (*An Daingean* en irlandés) está situada na rexión de Gaeltacht e conta cunha poboación de 1.920 hab. Xa desde finais da Idade Media foi un porto pesqueiro e de comercio no que atracaban barcos franceses e españois. Foi o principal porto de importación de viño a Irlanda. Na actualidade é o principal porto-base dos pesqueiros galegos que van pescar ó Grand Sole.

As relacións con España, particularmente con Galicia, foron fortes desde hai séculos. En 1529 asinouse nesta viliña o Tratado de Dingle entre o embaixador de Carlos V, *Gonzalo Fernández*, e o undécimo conde de Desmond (*Thomas Fitzgerald*). O tratado garantía ós exiliados irlandeses acollida nos territorios dos Habsburgo.

[1] Está a 1 grao máis ó oeste có noso **cabo Touriñán**, cuxa situación é de 9º 17' 57'' lonx. O.

Porto de Dingle

Dingle tamén foi o maior porto de embarque de **peregrino**s a Santiago de Compostela. A igrexa parroquial foi reconstruída no séc. XVI baixo patrocinio español e dedicada a Santiago (St. James' Church); nela celébranse festivais folk. Outra igrexa é a de Santa María, de estilo neogótico.

Dingle tivo moito protagonismo nas dúas **rebelións de Desmond**, dous conflitos armados entre 1569-1573 e 1579-1583 no sur da provincia de Munster (Desmond = 'sur de Munster'), organizados polos **condes de Desmond** (os **Fitzgerald** e os seus aliados) contra os **Butlers** (**condes de Ormonde**), por unha parte, e o goberno de Isabel I de Inglaterra. Xunto ós intereses, tamén contou a intervención papal, polo factor relixioso (católicos contra anglicanos). As rebelións acabaron co poderío dos Fitzgerald de Desmond (un dos señores gaélicos) e deron paso á posterior colonización do Munster por parte dos ingleses, que se fixeron coas terras confiscadas. Nestas guerras morreu máis da metade da poboación de Munster (unhas 30.000 persoas).

Dunquin (gaél. *Dún Chaoin*) é a poboación máis occidental da península de Dingle. A súa fisterra. Está situada nun escenario de altos acantilados.
Conta cun museo no que se narra a historia das illas Blasket (deshabitadas desde hai anos) e os seus escritores en gaélico: Peig Sayers –nativo desta aldea-, Tomás Ó Criomhthain e Muirís Ó Súilleabháin.

Dunquin, a 'fisterra' irlandesa (foto X.Mª Lema)

No ano 1588 varios barcos da Armada Española naufragaron entre os cantís de Dunquin e as illas Blasket. Hai un memorial nos cantís lembrando este feito.
En 1970 ródáronse nas praias de Coumineole e de Ceathrú escenas da película *A filla de Ryan* (*Ryan's daughter*), dirixida por David Lean, con Robert Mitchum e Sarah Miles de protagonistas. Esta rodaxe deulle sona a esta aldea perdida e reactivou a súa economía. Aínda hoxe os seus pubs están decorados con fotos daquela rodaxe.

As **illas Blasket** son as terras irlandesas máis occidentais. Estiveron habitadas ata 1953. A illa grande (*Great Blasket*, de 6 km x 1,2 km) é agora un parque nacional histórico con edificios que se restauraron das súas ruínas. Os habitantes das illas tiñan unha rica literatura oral de contos gaélicos.

Se é posible polo estado da estrada visitaremos o **oratorio Gallarus**, unha construción moi arcaica (probabl. do séc. IX), feita polos antigos monxes. Ten forma de lancha invertida, cunha única porta –no oeste- e unha única ventá –no leste-.

Camiño cara a Limerick pasaremos por **Tralee**, ó final da baía do seu nome. Fora cidade condal do Conde de Desmond, o anglo-normando John Desmond. Tras a rebelión en 1580 do 15º conde de Desmondo contra Isabel I, as terras pasaron ó nobre inglés Sir Henry Denny.

Cada agosto celébrase nesta cidade un famoso Festival Internacional chamado **Rose of Tralee** ('Rosa de Tralee'), nome tomado da canción *The Rose of Tralee*, escrita W. Mulchinock a mediados do séc. XIX.

Pouco antes de Limerick está **Adare**, que conserva na rúa principal antigas casas con teito de palla, de 200 anos de antigüidade. Hai tamén un castelo en ruínas do séc. XIV (Desmond Castle), que pertenceu ós condes de Desmond. A Adare Manor é un pazo neogótico feito con pedra caliza, que data de 1832; hoxe é un hotel.

LIMERICK

A cidade de **Limerick** (gaél. *Luimneach*), na desembocadura do río Shannon, cos seus 57.000 hab é a 4ª máis populosa da República de Irlanda. Naceu dun asentamento viquingo do ano 812.
No séc. XVII a cidade sufriu os asedios de Cromwell (1651) e, sobre todo, os dous de 1690-1691, onde se fixeron fortes durante un ano os católicos xacobitas irlandeses fronte ás tropas protestantes de Guillelmo de Orange. O tratado de Limerick rematou con esta rebelión e supuxo o sometemento dos católicos ó dominio protestante.

A **catedral de Santa María** (*St. Mary's Cathedral*), anglicana, data do ano 1168 e foi fundada polo conde de Munster Donal Mor Ó Brien; de estilo románico-gótico, é unha das máis antigas de Irlanda.
A **catedral de San Xoán** (*St. Jonh's Cathedral*), católica, é de estilo neogótico e data de 1861; a súa agulla, de 85 m, é a máis alta de Irlanda.
O **castelo do rei Xoan** (*King John's Castle*) data do ano 1212. Está situado ás beiras do río Shannon gardando a ponte de Thomond.
Un monumento simbólico importante é a **Pedra do Tratado** (*Treaty Stone*), lembrando o Tratado de Limerick de 1691, que puxo fin ás guerras entre xacobitas e williamitas.

Luinmneach / Limerick o o río Shannon

O río Shannon

É o río máis longo e caudaloso de Irlanda (e das Illas Británicas), con 322 km de curso (o noso río Miño ten 310 km). Divide a illa en dúas partes. Discorre de norte (nace case no Ulster) a sur; pasa por Athlone, Killaloe e desemboca formando un longo esteiro na costa oeste de Irlanda, logo de pasar Limerick, desde onde xa se ve afectado polas mareas. No seu curso formáronse varios lagos: o Allen, o Ree e o Derg. É navegable por tramos.

Toma o nome da vila de **Shannon**, tamén coñecida por ter o **aeroporto** máis importante do oeste de Irlanda.

3ª noite (hotel en Shannon)

Día 25, domingo: Shannon – cantís de Moher e rexión de Burren - Galway



traxecto	Distancia en km	tempo
Shannon-acantilados de Moher	60 km	1 h 10 min
Moher-Galway	90 km	1 h 30 min
¿Volta en bus polos arredores de Galway: baía de Galway + lago Corrib)?	100 km (completa) 20 km (breve)	2 h (1 h)
Galway –Dublín	207 km	3 h
Total	**457 ou 376**	**8 h (ou 7 h)**

Os cantís de Moher (*Cliffs oh Moher*)

Os **cantís de Moher** (en gaél. *Aillte an Mhothair*, literalmente «acantilados da ruína») están situados na zona suroeste da rexión de Burren, preto de Doolin, no condado de Clare. Elévanse durante 8 km de costa a unha altura de 120 m de altitude sobre o océano Atlántico, acadando nalgún punto a altura máxima de 214 m. (Os da Herbeira, na Serra da Capelada, superan en zonas os 600 m e son os máis altos de Europa, pero estes de Moher, cortados a pico, impresionan máis).

O filme *A filla de Ryan* (1970) comeza cunhas vistas destes cantís nos créditos, que tamén serviron de escenario para o filme *Harry Potter e o misterio do príncipe* (2008).

Para visitalos hai unha plataforma principal, desde a que se pode ver a parte sur e a Hag's Head; unha Plataforma norte (con vistas ás illas de Aran e a baía de Galway) e outra sur. Na norte é onde se atopan os puntos máis altos (Knockardakin a 214m ou 700 pés), e tamén está a Torre Ó Brien, construída por Cornelius Ó Brien en 1853 (a que proporciona a mellor vista do conxunto).

Os cantís de Moher (foto XMLema)

A rexión de Burren

Trátase dunha ampla meseta calcaria (*limestone plateau*) declarada parque natural. Iso quere dicir que o seu chan é todo un extenso conxunto de laxas de pedra caliza (*limestone*) fisuradas, con ríos subterráneos que pasan dunha caverna a outra. Unha paisaxe única que continúa nas illas de Aran, situadas ó oeste.

Paisaxe do Burren (foto XMLema)

Cara ó interior (e fóra da nosa ruta), entre Lemanech Castle e Aillwee Cave, hai unha zona rica en antas ou dólmens. Trataremos de ver o máis coñecido destes monumentos megalíticos, o **dolmen de Pol na Brone** (*Poll na mBrón* en irlandés, co significado de "burato no muíño de pedras"), moi semellante ós galegos. Data de entre o 4200 a.C. e o 2900 a.C.

As illas de Aran, na baía de Galway (non as imos visitar)

Iremos bordeando a península de Burren en dirección á baía de Galway. Gardando esta baía veremos, á esquerda, as **illas de Aran** (*Oileáin Árainn*), que son tres: **Inisheer** –a máis cercana-, **Inishmaan** –a do medio- e **Inishmore** –a máis arredada-. Digamos que esta última sería a equivalente á nosa illa de Ons (5,6 km x 1,3 km) e as outras dúas coma a Oncela, á entrada da ría de Pontevedra.

O ideal sería visitar **Inishmore** (**Arainn**), que é a máis grande (14,5 km x 4 km) desde a costa de Galway, pero levaríanos un día completo. Está habitada na actualidade (1000 hab) e é unha das reservas do idioma gaélico (pais dublineses e doutras cidades que queren que os seu fillos practiquen o gaélico envíanos aquí en períodos vacacionais). Foi habitada desde a épocas prehistóricas, e como proba un forte semicircular (**Dun Aenghus**) con tres murallas de defensa que remata nos cantís da zona oeste, de 61 m de altura sobre o nivel do mar.

Esta afastada illa –e tamén as outras dúas- foi o lugar idóneo para o retiro de moitos monxes irlandeses, que ergueron nela os seus pequenos mosteiros e as súas igrexas: hai polo menos sete igrexas, dedicadas a santos irlandeses, canonizados polo pobo e non pola Igrexa oficial: san Brecan, san Kieran, san Benen, san Eany, san Enda, san Ciarán... Inishmore é coñecida como Aran dos Santos, pois nela seica hai enterrados 227 santos. San Enda chegou a xaxuar contra Deus ata que este o consolase, arrincándolle tres promesas.

O solo da illa é todo el de dura pedra caliza, moi difícil para calquera tipo de cultivo. Tamén aquí se estercaba con algas mariñas. Toda a illa está chea de valados de pedra que suman miles de quilómetros; disque moitos se mandaron construír nos anos da Gran Fame (1845-1849) para xustificar a comida gratuíta.

Hai un pequeno porto e tamén un aeródromo (as outras illas tamén contan co mesmo). No verán hai moito turismo. É tamén terra de mariñeiros. Do ano 1934 é ***Man of Aran*** (traducido ó castelán coma "Hombres de Arán"), do americano Robert Flaherty, documental no que se narra a dureza da vida na illa, en especial no mundo da pesca.

13

GALWAY

A cidade de **Galway** (gaél. ***Gaillimh***), cuns 75.000 hab, está estratexicamente situada entre o lago Corrib e o océano (baía de Galway). O seu centro urbano vese atravesado de norte a sur por varios brazos do río Corrib. Ata a chegada dos normandos no séc. XII foi unha pequena aldea de pescadores. O nome para uns deriva da palabra gaélica *cladach*, que significa 'costa pedregosa'; para outros do celta gaélico *call* + *am* 'río pedregoso' polo leito de pedras do río Corrib; unha corrente minoritaria defende que o nome procede do termo latino *Gallaeci*, polas relacións que tiña coa antiga Gallaecia (e tampouco falta quen pensa que o topónimo significa 'Camiño de Galicia': Gal 'Galicia' + way 'camiño').

Rúa peonil de Galway

A cidade é o centro urbano máis importante da máis extensa **rexión gaélicofalante**: illas de Aran, rexión de Connemara e o Joyce Country ('terra de Joyce', nome dunha familia galesa que se asentara na comarca no séc. XII). O rexurdimento do idioma no séc. XIX trouxo moitos visitantes a esta rexión, na que se fundaron dúas das máis antigas escolas de verán. Na actualidade segue habendo institucións oficiais de promoción do gaélico centradas nesta cidade.

A **igrexa de San Nicolás**, anglicana, fundada pola familia Lynch e dedicada a san Nicolás de Myra, patrón dos mariñeiros. Data do séc. XIV, continuada no XV e XVI. Disque fora visitada por Cristovo Colón en 1477. No seu interior consérvase a tumba de **James Lynch** (tamén hai un memorial), xuíz do séc. XV que condenou a morte ó seu propio fillo Walter por asasinato e executou el mesmo a sentenza, colgándoo da forca, ó non haber ninguén que o fixese.

A **catedral católica de Nosa Señora da Asunción e San Nicolás**, situada nunha illa formada polos brazos do río emisario, foi deseñada en 1957 por John J. Robinson, e construída en mármore negro de Galway, pedra caliza local.

O **muíño da ponte**, situado nun dos brazos do río Corrib.

O **Arco español** (***Spanish Arch***) formaba parte das murallas medievais (quizais de finais do séc. XIII). O nome unicamente lembra os vínculos comerciais con España.

A **Eyre Square** ('Praza Eyre') marca o punto de encontro entre a cidade moderna e a zona dos *docks* ('peiraos, dársenas'). Conta cun pequeno parque, dedicado a John F. Kennedy, que visitara Galway en 1963 (hai unha placa). Aquí hai esculturas dedicadas a Patrick Ó Connor (1882-1928) e a Liam Mellows, nacionalista irlandés que participou no levantamento de 1916 e que despois fora executado polo Estado Libre irlandés durante a Guerra civil.

Excursións: ó **Lago Corrib** (***Lough Corrib***), o segundo lago máis grande de Ireland (58 km de longo). Vai das montañas de Connemara a Galway. O lugar das mellores vistas para contemplalo é Oughterard (a 27 km de Galeay).

Connemara é unha fermosa rexión salvaxe de montañas, lagos, rápidos fluviais, praias virxes e vistas panorámicas. Trátase doutra das rexións gaélicofalantes habitada por xente que vive do turismo e da artesanía. O **Parque Nacional de Connemara** tén 4942 acres = 2000 ha). Está aberto desde 1980. Conta cunha grande variedade de plantas, con especies meditarráneas, alpinas e árticas. Entre os animais propios, recuperouse o gamo vermello e o pony de Connemara, descendente do pony celta.



ATHLONE

Athlone (gaél. ***Baile Atha Luain***), cuns 20.000 hab, é unha cidade situada no río Shannon ó sur do Lough Reed, un dos dous grandes lagos que se forman non curso deste río. Está a medio camiño entre o oeste e o leste de Irlanda (entre Galway e Dublín). Pola súa situación tan céntrica, en 1970 fora proposta **para capita**l dunha hipotética República Federal de Irlanda (suponse que incluída Irlanda do Norte). Na actualidade é a capital do condado de Westmeath. Esta situación estratéxica motivou que tivese protagonismo nas guerras entre xacobitas e guillelmitas en 1691, pois sufriu asedio polo exército protestante de Guillelmo de Orange e foi bombardeada, xunto co seu castelo. Neste mesmo ano tivo lugar preto da cidade a batalla de Aughrim.
Entre os seus monumentos, **o castelo** , con tres torres do séc. XIII fortificadas, e a **igrexa de san Pedro e san Paulo**, construída en 1937; ten proporcións dunha catedral e dúas torres xemelgas.

A uns 50 km ó norte, en **Strokestown** (Co. Roscommon) hai un **museo** dedicado á Gran Fame de 1845-1849, aberto en 1994. Está situado na propiedade dunha antiga familia rendista, caracterizada pola súa crueldade naqueles tráxicos anos.

4ª noite (hotel en Dublín)

Día 26, luns: Dublín – Val de Bóinne – Dublín



traxecto	Distancia (km)	Tempo aprox.
Dublin-Newgrange	51 km	40 min
Newgrange-Monasterboice	16 km	20 min
Monasterboice-Kells	42 km	40 min
Kells – Hill of Tara	30 km	20 min
Hill of Tara-Dublin	44 km	40 min
total	**183 km**	**2 h**

O VAL DO RÍO BÓINNE

O **río Boyne** discorre de SO. A NE. Ó norte de Dublín e ten un percorrido de 112 km. Neste val atópanse interesantes monumentos de todas as épocas, algúns deles declarados Patrimonio da Humanidade: os túmulos megalíticos de **Newgrange**, **Dowth** e **Knowth**, o sitio precristián **Hill of Tara**, **Hill of Slane** e o seu castelo, o mosteiro de **Monasterboice** e a vila de **Kells**. Nas beiras deste río tivo lugar a máis importante batalla entre irlandeses católicos e británicos e irlandeses protestantes: a **batalla do Boyne** (1-7-1690).

1. NEWGRANGE

Newgrange (irl. *Sí an Bhrú*) é o xacemento arqueolóxico máis famoso de Irlanda. Forma parte do conxunto arqueolóxico de **Brú na Bóinne** ('Pazo do río Bóinne'), xunto con outros semellantes existentes nesta área do condado de Meath, como son **Dowth** e **Knowth**. Os tres foron declarados Patrimonio da Humanidade (*World Heritage Site*) pola UNESCO.
Trátase dun xigantesco **túmulo megalítico** construído entre o 3300 a.C. e o 2900 a.C. (contemporáneo, polo tanto, das antas galegas –Dombate recente, por exemplo- e 500 anos

máis antigo que a gran pirámide de Guizeh en Exipto e 1000 máis que a parte principal de Stonehenge). Permaneceu oculto durante máis de catro mil anos ata que no séc. XVII foi descuberto por xente que buscaba pedras para a construción, e pensaron que era unha cova.

O monumento de Newgrange é un túmulo funerario en forma de outeiro (coma unha gran mámoa) de media hectárea de extensión, máis ou menos circular (de 79 m a 85 m de diámetro e unha altura de 11 m), consistente nun *cairn* (conxunto de pedras amoreadas polo home) e turba no interior dun círculo de 97 grandes pedras "de bordillo" (*kerb stones*) coroado por un muro de cuarzo branco e granito. A maioría das pedras parece que proceden dos arredores, pero as de granito e cuarzo da fachada seica viñeron de máis lonxe: de Wicklow (ó sur de Dublín) e da baía de Dundalk (ó norte), respectivamente.

A fachada está orientada cara ó leste, de xeito que cada ano, na mañá do solsticio de inverno (21 de decembro), a luz do sol no amencer penetre a través do corredor e ilumine o chan da cámara durante 17 minutos. Isto demostra a importancia da astroloxía na construción dos monumentos megalíticos. As nosas antas galegas tamén dispoñen a súa entrada cara ó leste.

Na porta da fachada alintelada ábrese un corredor de 18 m que se adentra ata un terzo do diámetro chegando a unha cámara cruciforme; a súa parte central está cuberta cunha falsa bóveda que se eleva a unha altura de 6 m. Esta bóveda ou tellado permaneceu intacto durante cinco mil anos. Case seguro que se trata dun monumento funerario; na cámara cruciforme hai uns buratos nos que se situarían os restos dos cadáveres incinerados.

Fóra do perímetro do túmulo hai un círculo de pedras chantadas; terían que ser en total 37 e só quedan 12. Os arqueólogos consideran que este círculo de penedos é posterior ó primitivo monumento, posiblemente serían da época da Idade do Bronce (1200 a.C.).

O penedo da entrada está decorado con espirais, e está considerada unha das máis famosas pedras da arte megalítica.

Entre 1962 e 1975 foi escavado e restaurado este monumento baixo a supervisión do Prof. Michael J. Ó Kelly, da Universidade College Cork.

O **túmulo de Dowth** é un dun tamaño semellante a Newgrange pero un pouco máis alto; atópase bastante estragado. O de **Knowth** supera en tamaño e en importancia arqueolóxica a Newgrange, pero non é tan coñecido coma este.

2. MONASTERBOICE

Neste lugar podemos ver un **antigo mosteiro** irlandés en ruínas xunto co seu cemiterio e tres das máis antigas cruces irlandesas (identificables polo círculo que rodea os brazos). Así mesmo, non podía faltar a torre redonda.

Disque Monasterboice fora fundado por **san Buithe** (san Boecio), seguidor de san Patricio, a finais do séc. V. Era un mosteiro dual, para monxes e monxas. Segundo a lenda o santo subiu ó Ceo por unha esqueira baixada desde o alto.

O lugar foi asaltado polos viquingos no ano 968, que logo serían expulsados por Donal, o rei de Tara. O mosteiro sería logo un centro de espiritualidade e cultura. A súa decadencia empeza cando os cistercenses se asentan na cercana abadía de Melifont, no ano 1142.

Ademais das ruínas da súa igrexa, no seu cemiterio hai tres interesantes **cruces**:

a) A **cruz do sur** (ou **cruz de Muirdach**).- É a cruz máis antiga de Irlanda, do séc. X (entre o 900-923). Mide 5,5 m de alto. Recibe este nome por unha inscrición na base: "Unha oración por Muirdach, por quen se fixo esta cruz". Toda ela está decorada con relevos con escenas no Antigo e Novo Testamento, non todas identificables ó completo.

No lado leste, desde a base: a caída de Adán e Eva, o asasinato de Abel, David e Goliat, Moisés facendo manar auga dunha pedra, a adoración dos Magos; no centro, o Xuízo Final, cos salvados con David e Cristo á dereita e os condenados á esquerda; arribo san Paulo no deserto.

No lado oeste, de abaixo a arriba: o arresto e mofa de Cristo, a dúbida de san Tomé, Cristo dándolle as chaves do Ceo a Pedro e o libro a san Paulo, Moisés orando con Aarón; no centro, a crucifixión (Cristo representado vestido e sen dor –típico das cruces irlandesas- flanqueado por dous soldados: o da lanza e o da esponxa; entre os soldados, dúas cabezas: o bo e o mal ladrón; a ave sobre a cabeza de Cristo é a Ave Fénix, que representa a resurrección.

Na parte baixa desta cara aparece a inscrición de Muiredach entre dous gatos.

b) A **cruz do oeste** (entre as ruínas das igrexas e preto da torre): tamén datada no séc. X, cos seus 6,5 m de altura á a cruz máis alta de Irlanda. Está máis erosionada cá anterior, especialmente pola base (só se distinguen ben doce dos seus 50 paneis). No lado leste: David matando un oso, o sacrificio de Isaac, David coa cabeza de Goliat, David axeonllado ante Samuel. No lado oeste: a resurrección, a crucifixión, o bautismo de Cristo, Padre cortándolle a orella ó soldado e o bico de Xudas.

c) A **cruz do norte** (moi estragada, disque a esnaquizara Cromwell): contén a crucifixión polo oeste; pola outra parte un reloxo de sol.

Monasterboice, coa súa torre e unha das cruces

Tamén é interesante a **torre redonda** de 30 m de altura; no interior ten esqueiras e, ademais de ser un campanario, tamén servía de refuxio dos monxes e dos seus tesouros durante os ataques dos viquingos. No ano 1097 sufriu un incendio, no que se destruíron manuscritos e outros tesouros.

3. SLANE

No caso de pasar por esta cidade podemos ver o seu **castelo** nun lugar elevado mirando o río Bóinne. A construción actual data de entre 1785 e 1821.

O **outeiro de Slane** (Hill of Slane) asóciase á entrada do cristianismo en Irlanda. Segundo a lenda, neste outeiro san Patricio prende unha cachela na véspera de Semana Santa para desafiar o poder dos druídas, que mantiñan vivos os vellos ritos festivos pagáns de Tara. O rei Laoghaire de Tara non se converteu, pero deixoulles liberdade de conciencia ós seus súbditos.

4. KELLS

Kells (gaél. *Ceanannas*) é unha pequena pero histórica cidade do condado de Meath.
O máis interesante é a abadía de San Columba, fundada no 804 por monxes que fuxían do mosteiro de Iona (Illas Hébridas, Escocia) polas invasións viquingas. O famoso libro de Kells –o Evanxeliario de san Columba- escribiuse e ilstrouse nesta mosteiro despois do ano 804. Na actualidade está gardado no Trinity College de Dubín, sendo a principal das xoias literarias do cristianismo celta e da arte irlandosaxoa.
Na abadía de san Columba queda a súa igrexa e o seu cemiterio, coa torre redonda e cinco grandes cruces celtas.

Hill of Tara

5. HILL OF TARA

Hill of Tara (gaél. *Temhair na Rí*, 'o Outeiro de Tara') é unha elevación de escasa altitude situada preto do río Bóinne. Contén antigos monumentos prehistóricos, nos que os irlandeses ven a sede dos seus antigos reis (o Outeiro dos Reis de Irlanda).
No cume do outeiro está a fortificación coñecida como *Ráith na Rig* ('a fortaleza dos Reis, o recinto real'), con case 1000 m de circunferencia. As estruturas máis destacadas do seu interior son dous *raths* (aneis de pedras chantadas) tanxentes, coñecidos como *Teach Chormaic* ('a Casa de Cormac') e *Forradh* ('o Asento Real'). No centro do *Forradh* érguese a **Pedra en Pé**, unha especie de pedrafita, 'pedra do destino' onde eran coroados os Grandes Reis de Irlanda. Hai máis monumentos no recinto, pero estes son os principais.
Para os irlandeses o Outeiro de Tara ten moita importancia, pois considérase a residencia dos antigos reis de Irlanda ata o séc. VI (apara algúns, ata o séc. XII). A importancia de Tara, segundo os arqueólogos, é anterior ó período celta, pois xa sería a **capital dos Tuatha Dé Danann**, os habitantes precélticos de Irlanda (os que, segundo o *Libro das Invasións*, serían vencidos polos celtas milesios, descendentes do 'galaico' Breoghan). Os celtas milesios establecerían a súa sede no outeiro e gobernarían a illa cun status case divino. A influencia de Tara e dos reis pagáns irlandeses dimininuiría debido ás prédicas e milagres do apóstolo **san Patricio**, que no séc. V realizou en Irlanda o mesmo labor que san Martiño de Dumio faría no séc. VI na antiga Gallaecia: tratar de erradicar os antigos cultos pagáns. Segundo a lenda, san Patricio vencería os druídas e o **rei Lóegaire** –o derradeiro rei pagán, que ten a súa tumba preto do outeiro- deixaría que Patricio evanxelizase os seus súbditos.

A Pedra de Pé ou do Destino (de Tara)

O **simbolismo histórico** deste lugar foi claro para os irlandeses de diversas épocas: na rebelión de 1798 os Irlandeses Unidos (*United Irishmen*) estableceron o seu campamento no outeiro, pero foron atacados e derrotados polas tropas británicas o 26 de maio deste ano (batalla do Outeiro de Tara). No séc. XIX o membro do Parlamento británico Daniel Ó Connell convocou un mítin neste Outeiro para reclamar a derrogación da Acta da Unión de Gran Bretaña e Irlanda de 1801; xuntou a máis de cen mil irlandeses.

6. DUBLÍN (pola tarde)

Se se cumpre o horario da mañá, é posible que nos quede tempo para ir visitando Dublín, para o que propoñemos os seguintes lugares: 1) **Factoría Guinness** (en agosto aberta deica as 7 da tarde, última admisión), visita voluntaria. 2) **Outras visitas posibles** libres de horario: rúa Ó Connell (a máis comercial), as catedrais de Cristo (Chrst Church) e de san patricio, ou edificios públicos e históricos coma o de Correos, o da Aduana, o Parlamento, o Banco de Irlanda, o Castelo de Dublín escultura de Molly Malone.

Desde o bar do Museo Guinness,

FACTORÍA GUINESS (DUBLíN)

Un dos lugares máis visitados de Dublín. Guinness é unha cervexa negra do tipo *stout* elaborada por primeira vez en 1757 polo cervexeiro Arthur Guinness na empresa St. James' Gate Brewery de Dublín. A característica do seu sabor é o orxo (cebada) tostado que se mantén sen fermentar.

A **cervexa de malta** de Guinness (Guinness *stout* 'negra, forte, con corpo') componse de auga (das montañas de Wicklow), orxo, malta, lúpulo e levadura de cervexa. O orxo malteado tórrase lixeiramente para darlle a cor rubí escura e o seu sabor. A cervexa en barril contén certas cantidade de nitróxeno e dióxido de carbono, o que permite o seu almacenamento sen que se converta nunha bebida carbonatada. Esta cervexa só contén 198 calorías por pinta, menos que un vase equivalente de leite desnatado ou un zume de laranxa.



A cervexa Guinness é toda unha institución en Irlanda: un dos seus símbolos nacionais; xunto coa música, é unha das súas principais fontes de ingresos.

Desde o alto do edificio da Guinness en Dublín hai unha boa vista da cidade.

Visitas: prezo por persoa 16,50 € (14,85 € se se reserva on line), descontos para xubilados e rapaces menos de 18 anos; nada se di de grupos, pero pódese preguntar alí.

Horario de agosto: ata as 7 da tarde.

Enderezo: St. James's Gate 8, Dublín (preto do río Liffey, na banda dereita sur; preto da Christ Church Cathedral),

Estatua de Molly Malone

Na **Grafton Street**, importante rúa peonil comercial, situada ó oeste do Trinity College. A estatua foi inaugurada en 1987 para lembrar unha humilde vendedora de peixe do séc. XVII, Molly Malone, que ía polas estreitas rúas de Dublín ofrecendo a berros berberechos e mexillóns vivos. A canción, composta en 1880 por James Yorkston, acabouse convertendo no himno non oficial de Dublín e de Irlanda.

Para as outras visitas en Dublín, ver páxinas seguintes.

5ª noite (hotel en Dublín)

Día 27, martes: Dublín





21

DUBLÍN

Dublín (gaél. *Baile Atha Cliath* 'cidade situada no vao dificultoso' [do río Liffey]), é a capital de Irlanda e a cidade máis populosa (525.000 hab). Naceu dun asentamento viquingo do séc. IX, na desembocadura do río Liffey. A partir de que no ano 1172 Henrique II de Inglaterra conquiste Irlanda, os ingleses van dominar a illa a partir de Dublín e a súa comarca: ***The Pale***.
Polo tanto, na historia de Irlanda, Dublín representou máis os intereses ingleses que os irlandeses; o Lord Deputy para o Parlamento británico era escollido entre os ingleses do The Pale.
Coa relativa paz do séc. XVIII Dublín ten un gran desenvolvemento, ó estilo de calquera cidade británica, sobre todo na segunda metade da centuria.

VISITAS RECOMENDADAS NA CIDADE DE DUBLÍN

a) Zona sur do río Liffey.

1. Trinity College

Fundado en 1592 por Isabel I no lugar onde antes había un mosteiro dos monxes agostiños (suprimido pola reforma anglicana). O máis interesante á a súa Biblioteca (Library), construída entre 1712 e 1732. Na entrada, no alto das escaleiras, están as armas de Isabel I. Interesante tamén a Long Room (64 m x 12 m).



Esta biblioteca garda a **Libro de Kells** (*Book of Kells*; en gaél. *Léabhar Cheanannais*), un manuscrito que contén os catro evanxeos en latín, con notas preliminares e explicativas e numerosas ilustracións e miniaturas coloreadas. Foi obra dos monxes seguidores de san Columba, xa na abadía de Iona (illas Hébridas, Escocia), de onde procedían fuxindo dos viquingos, xa na abadía de Kells a principios do séc. IX. Este libro está considerado a peza principal do cristianismo celta e da arte irlandosaxoa; malia estar inconcluso, conta coas máis suntuosas iluminacións da Idade Media.
Está exposto permanentemente na biblioteca do Trinity College, baixo a referencia MS 58.
Nesta biblioteca tamén se gardan outras xoias bibliográficas:
O **Libro de Durrow** (*Book of Durrow*), do séc. VIII, outro evanxeliario ricamente ilustrado.
O **Libro de Armagh** (*Book of Armagh*), de principios do séc. IX, contén o texto completo do Novo Testamento en latín usado pola Igrexa celta.
O **Libro de Dimma** (*Book of Dimma*), do ano 1150, contén os evanxeos e algúns textos litúrxicos.
Nesta biblioteca tamén se conserva, restaurada, a **harpa irlandesa** máis antiga, de polo menos 500 anos de antigüidade; está feita con pau de salgueiro e ten 29 cordas. Ddescubrírase en Limerick no séc. XVIII
Horario de visita: 9,30 h – 16,30 h. (é posible que haxa que pagar).

2. A prisión-museo de Kilmainham (*Kilmainham Gaol*)

Atópase situada no suroeste de Dublín, non moi lonxe da Factoría Guinness. Trátase dunha das prisións desocupadas máis grandes de Europa, un edificio que forma parte do Heritage Sites of Ireland, o que quer dicir que é un **monumento nacional**, e hoxe un importante centro turístico visitado cada ano por máis de cen mil persoas. É un exemplo de como se poden musealizar os sórdidos lugares de sufrimento, ó mesmo tempo que para os irlandeses é o símbolo da loita

das diversas xeracións polo seu autogoberno, símbolo diso e tamén das súas contradicións internas[2].

O goberno británico construíu este presidio en 1796 seguindo as teorías das reformas do sistema penitenciario da época da Ilustración, nas que se poñía énfase no castigo psíquico máis que no corporal. Pero neste tamén lle chegou abondo, pois no interior non había separación por cuestión de sexo nin de idade: convivían homes, mulleres e nenos.

Nos primeiros anos os presos que pasaron polas súas celas eran maioritariamente comúns. Nos **anos da Gran Fame** (1845-1849) moita xente fixo o posible por entrar nela, pois polo menos, alí comíase algo a diario. A cadea saturouse.

Ala leste da prisión de Kilmainham (Dublín)

Non obstante, a sona deste centro vén dada porque pasaron por ela moitos **presos políticos** dos movementos irlandeses de liberación, desde Robert Emmet dos *Irlandeses Unidos* (axustizado alí en 1803) ata Éamon de Valera, que foi o derradeiro preso que houbo nela (1924). Algúns destes presos serían logo deportados a Tasmania (Ó Brien e Meagher, membros dos *Young Irelanders*, en 1848), outros posteriormente liberados (Charles Parnell, en 1882) e outros moitos executados na mesma prisión, coma boa parte dos que se **revoltaran en 1916**, 14 en total; entre eles: Patrick e William Pearse, Thomas Clarke, Thomas Kent, John Casement, Joseph Plunkett etc. Este último obtivo permiso para casar na capela coa súa noiva Grace Giffort –tamén recluída aquí- horas antes da súa execución. Aínda que non residía nesta prisión, tamén foi executado nela James Connolly. Éamon de Valera, outro dos rebeldes, salvouse por ser tamén cidadán americano. Os ingleses volverían encarcerar e executar moitos irlandeses nos dous anos da Guerra da Independencia irlandesa (1919-1921), pero, para vergonza propia, o Estado Libre Irlandés tamén chegou a executar a 77 dos seus antigos correlixionarios durante a Guerra Civil (1922-1923).

Despois da saída de De Valera en 1924 **péchanse as portas** e o edificio queda no abandono. Traíalles malos recordos a todos e ninguén se interesou por el durante anos. A primeira proposta de recuperación veu dunha asociación republicana que tiña como obxectivo coidar das sepulturas dos fusilados en 1916 (non se facía mención a James Connolly nin ós fusilados na Guerra Civil).

A proposta non foi adiante, e ata 1953 non se volverá falar da restauración e conversión en museo, baixo o goberno de De Valera, pero non polos desexos deste, senón porque isto entrana nun plan de emprego nunha época de alto paro e emigración. Con todo, a proposta non foi adiante, e aínda haberá que esperar ata 1959, cando uns **voluntarios** antigos membros do IRA promoven a restauración, especialmente porque coñecían moi ben o edificio, polos anos que pasaran nel. Vanse restaurando pouco a pouco os diferentes lugares. O máximo problema estivo na presenza ou non do nome de Connolly e nas partes vinculadas á Guerra Civil. Abriuse ó público en 1986.

Pode visitarse a capela, o vestíbulo principal e o patio onde foron axustizados os rebeldes do luns de Pascua de 1916. Neste lugar rodáronse filmes famosos como *No nome do pai* (1993) e *Michael Collins* (1996).

Enderezo: Inchicore Road (zona oeste da cidade, non lonxe da Guinness, ó sur do río Liffey).
Horario: 9,30 h – 17 h.
Prezo individuaL: 6 €. Grupos: 4 €. Xubilados e nenos: 2 €.

[2] Seguimos o interesante artigo de M. VILAR no nº 0 de *Adra* (revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego), 2005: "Unha visión dos museos e do patrimonipo de Irlanda" (pp. 51-63).

Dentro do chamado **DUBLÍN XEORXIANO** (*Georgian Dublin*), edificios construídos entre 1750 e 1800, situados ó sur do Trinity College:

3. Museo Nacional (*National Museum*)

Interesante a parte arqueolóxica, con pezas desde a Idade do Bronce ata o séc. XV. Tamén hai obxectos da época viquinga (ano 1000). Hai coleccións de vidro, cerámica, porcelana e prata de diversos lugares. Tamén unha colección xaponesa de louza e obxectos variados, e unha sala dedicada á música, con variedade de instrumentos irlandeses: harpas, gaitas...
Tamén hai unha sala dedicada ó Alzamento de 1916, con fotos e outros documentos.
Horario: de 10 h a 19 h. Os museos de arte do Estado son gratis.

4. National Gallery

Museo de pintura con ricas coleccións de pintores ingleses e irlandeses, e tamén franceses, españois e doutras nacionalidades.
Entrada gratuíta.

Dublín, co seu río Liffey

5. Banco de Irlanda

Situado ó oeste do Trinity College. Edificio deseñado por Pearce en 1728, destinado a ser o Parlamento Irlandés. Típico edificio neoclásico, cun pórtico con columnas xónicas.
Por esta zona está a rúa comercial Graftan, coa estatua de Molly Malone.

6. Parlamento de Irlanda

Dous edificios construídos en 1745 por Richard Cassels para o duque de Leinster, que en 1922 se destinaron a Parlamento (Dáil Eireann) e o Senado (Seaned Eireann) de Irlanda. De estilo neoclásico xeorxiano.

NO DUBLÍN ANTIGO (ó oeste do Trinity College):

7. Castelo de Dublín

Durante 700 anos (ata 1922) representou o dominio británico en Ireland. Oitos irlandeses dos tempos anteriores ó séc. XVIII estiveron presos nel, e foron executados.
Trátase dunha construción anglonormanda, que o rei inglés John mandou construír (en 1204). En 1684 o castelo medieval foi destruído por un incendio. Reconstruíse en parte en 1688, e tamén houbo notables reformas no séc. XVIII.
O castelo sufriu asedio en 1534 por parte de Silken Thomas, que sería vencido polo Lord Deputy británico e executado en Londres. O derradeiro ataque ó castelo foi o dos rebeldes de 1916.

8. A Catedral de Cristo (*Christ Church Cathedral*) ou da Santísima Trindade (*the Most Holy Trinity*)

A catedral máis antiga de Dublín. Actualmente é a sede do bispo anglicano de Dublín e Glendalough e metropolitano da provincia sur da Igrexa de Irlanda.
A construción inicial foi dun rei viquingo, continuada en 1152 por san Lourenzo Ó Toole, o primeiro arcebispo irlandés. Contra o 1200 foi a construción definitiva, anglonormanda,

mestura de románico e primitivo gótico inglés. Polo gran número de critas que tiña, estivo en perigo de derrubes, de aí as continuas reparacións. Contra 1871 sufriu varias reformas que a seguraron, pero tamén desvirtuaron a primitiva construción.
A catedral di conter a tumba de Richard FiztGilbert de Clare, alcumado Strongbow, un dos principais líderes da invasión normanda, coa que se inicia a conquista inglesa (séc. XII).
Tamén se di que contén o corazón de san Lourenzo Ó Toole (pero seica foi roubado).
Ten unha campá desde o ano 1063, pero fóronselle engadindo outros ó longo dos anos (en 1999, outras setes, co que ten na actualidade 19, o récord mundial).

9. A catedral de san Patricio

Tamén anglicana. Non é a sede do bispo, pero si a Catedral Nacional de toda a illa, que atrae delegados de todas as dioceses da Igrexa de Irlanda.
Levantouse onda o pozo no que, segundo a lenda, san Patricio bautizaba ós que se convertían ó cristianismo. Construída entre 1200 e 1270, con renovacións posteriores. Foi coma un capricho dun arcebispo, John Comyn, que non quería estar baixo a xurisdición da Igrexa de Cristo. A monumental torre data de 1370. A catedral conta cunha gran tradición musical desde 1742.
No interior atópase a tumba do escritor angloirlandés Jonathan Swift (*As viaxes de Gulliver*), deán da catedral entre 1713-1745, marcada cunha placa de bronce xunto á da súa amiga Stella. Tamén se atopa o Monumento Boyle, erixido polo Gran Conde de Cork na memoria de Catherine, a súa segunda esposa. Unha cruz celta marca o pozo de san Patricio.

Ambiente nocturno de Dublín

b) **Zona norte do río Liffey**

10. Ó Connell Street

A máis famosa das rúas de Dublín, con elegantes tendas e cinemas. Nace na ponte Carlisle Liffey e remata ó norte na Rotunda Hospital Chapel. Abrírase no séc. XVIII e tivera o nome de Sackville Street; en 1922 cambióuselle o nome polo do político irlandés do séc. XIX. Nela hai varios monumentos dedicados a políticos irlandeses de diversas épocas (Ó Connell, William Ó Brien, Charles Parnell...), o sindicalista James Larkin, o enxeñeiro John Gray (que organizou a traída de auga a Dublín).
A **fonte de Anna Livia** –personificación feminina do río Liffey- erixiuse en 1988 para conmemorar o milenio da cidade. Popularmente coñécese como "the Floozy in the Jacuzzi" ('a puta no jacuzzi'). Ocupou o sitio da Columna Nelson, que fora destruída por unha bomba en 1966.

11. Edificio de Correos (General Post Office)

Situado na rúa Ó Connell, preto da fonte de Anna Livia. Foi o principal edificio tomado polos rebeldes irlandeses de 1916. Arriaron a bandeira británica e fixeron ondear a republicana irlandesa. O exército británico bombardeo o edificio sen lle importar a morte de civís.

12. Custom House (Aduana)

Edificio neoclásico (deseñado por Jamesd Gandon en 1791) situado na beira esquerda (norte) do río Liffey. Fora ocupado polos revolucionarios de 1916 e resultou seriamente danado no conflito armado, porque barcos da Armada británica o bombardearon desde o río.

13. Pro-Cathedral (St. Mary's Church)

Situada a pouca distancia da rúa Ó Connell. Trátase da catedral católica, do arcebispo católico de Dublín e primado de Irlanda. Construíuse en 1871, e isto explícase polas leis penais que historicamente sufriron os católicos irlandeses desde a Acta de Supremacía de 1534 dos reis ingleses. Ata mediados do séc. XIX o catolicismo practicábase de maneira clandestina.
No seu interior hai unha escultura do cardeal Cullen (séc. XIX), o primeiro irlandés que recibiu este nomeamento do papa de Roma. En 1922 celebrouse neste templo o multitudinario funeral por Michael Collins.

14. *Dublin Writters' Museum* (Museo dos Escritores de Dublín)

Situado na Parnell Square North. Fotos, retratos, manuscritos, publicacións dos máis importantes escritores –practicamente todos en lingua inglesa- nacidos en Dublín. A maior parte deles desenvolveron a súa obra fóra de Irlanda: Jonathan Swift, Oscar Wilde, Bernard Shaw, James Joyce, Samuel Beckett, B. Yeats, Synge, Ó Casey, Flan Ó Brien, Brendan Behan, Patrick Kavanagh.
Na cidade hai roteiros das obras dalgúns escritores, como a de Leopold Bloom, protagonista do *Ulyses* de Joyce. Cada 16 de xuño celébrase o 'Bloomsday' e faise ese percorrido.

15. Edificio das Catro Cortes (Four Courts)

Situado augas arriba da banda esquerda (norte) do río Liffey. Un edificio neoclásico (1785) deseñado por Thomas Cooley e James Gandon. Sufriu estragos durante a Guerra Civil (1922), e perdéronse importantes documentos, algúns do séc. XII.

Rúa Ó Connell (Dublín)

Día 28, mércores: Dublín – Irlanda do Norte (Belfast e Calzada dos Xigantes) – Dublín.

traxecto	Distancia (km)	tempo
Dublin-Dundalk	82 km	1 h
Dundalk-Belfast	86 km	1 h
Belfast-Calzada Xigantes	99 km	1 h 20 min
Total ida	263 km	3 h 20 min
Total volta	263 km	3 h 20 min
Total día	**526 km**	**7 h (só de estrada)**

Sairemos moi cedo de Dublín en dirección a Irlanda do Norte, pasando (sen parar) por Drogheda, Dundalk e Belfast. O obxectivo é ver a **Calzada dos Xigantes**, na costa norte.



Drogheda (31.000 hab), é unha pequena cidade situada na desembocadura do río Bóinne. Nela naceu o actor Pierce Brosnan, que encarnou un dos últimos James Bond.

Dundalk (37.000 hab) queda case na fronteira con Irlanda do Norte, a medio camiño entre Dublín e Belfast.

Belfast (irl. *Béal Feirste* 'val areoso na desembocadura do río'), cos seus 276.000 hab, a capital de Irlanda do Norte, é segunda cidade da illa de Irlanda, despois de Dublín. Non obstante, na súa área metropolitana residen 580.000 persoas.
Está situada na desembocadura do río Lagan no lago de Belfast (*Belfast Lough*), que máis ben é unha ría. En 1613 era un pequeno porto. No séc. XVII converteuse nun asentamento importante de colonos ingleses e escoceses despois da Fuxida dos Condes gaélicos Ó Neill e Ó Donnell (1607). Pasou a ser o máis importante enclave protestante de Irlanda. En 1641 os católicos rebeláronse, pro foron duramente reprimidos.
Belfast floreceu como un importante centro comercial e industrial nos séculos XVIII e XIX, sendo a cidade máis industrializada de Irlanda, superando incluso a Dublín, grazas ós seus estaleiros e á súa industria téxtil e tabaqueira. A partir de 1850 o enxeñeiro Edward J. Harland e o deseñador mariño alemán Gustav W. Wolff crearon os **famosos estaleiros Harland and Wolff**, que, cando neles se construíu o *Titanic* en 1912, tiñan sona de seren os maiores do mundo. En 2012 inaugurouse un museo dedicado a este trasatlántico.

Belfast, no río Lagan

Belfast aínda adquiriu o status de cidade en 1888. En 1920, coa partición de Irlanda polos británicos, converteuse na capital de Irlanda do Norte. O seu Parlamente e goberno autónomo concéntrase desde entón no pazo de Storment, a 6 km da cidade. A cidade foi bombardeada tres veces durante a II Guerra Mundial polos alemáns, pois na súa industra fabricábase moito material de guerra (barcos, roupa...).

Belfast tamén foi escenario, desde a partición de 1920, de **enfrontamentos violentos** de católicos (na súa maioría nacionalistas favorables á independencia do Reino Unido) e protestantes (os leais –loyalists- ou unionistas, favorables á partenza ó R.U.). A partir de 1972 sucedéronse os atentados terroristas do IRA provisional (católicos) e da Asociación en Defensa do Ulster e da Forza Voluntaria do Ulster (protestantes). A partir dos Acordos de Venres Santo de 1998 hai paz, pero na cidade aínda se aprecia a segregación por barrios entre a poboación católica (zona oeste) e a protestante: paredes pintadas con murais, carteis, graffitti...

Museo do Titanic (Belfast)

Edificios importantes: a Casa do Concello (cunha cúpula de 50 m da altura); o City Hall (rematado en 1906 para celebrar o novo status de cidade), a catedral de Santa Ana, anglicana, empezada en 1899; o Crown Liquor Saloon (un antigo pub de 1885); a Church House (da Igrexa Presbiteriana de Irlanda).

Fortaleza de Carrickfergus

Carrickfergus ('Penedo de Fergus') é un castelo que garda a baía ou lago de Belfast polo norte. A súa construción inicial remóntase ó séc. XII, cos anglonormandos. En 1689 atracou no porto do castelo Guillelmo de Orange, que vencería ós católicos de Xacono II na batalla do Bóinne (1690). Hai unha escultura de bronce do rei Guillelmo, de 1990, conmemorativa do 300 aniversario deste feito. O castelo defendeu Belfast de múltiples ataques por mar de frotas piratas e estranxeiras.

Mural dun barrio católico de Belfast

Calzada dos Xigantes (ou do Xigante) (*The Giant's Causeway*)

A **Calzada dos Xigantes** (ou **do Xigante**) é unha área natural situada no condado de Antrim ó norte da vila de Bushmills que contén 40.000 columnas de basalto, resultado do enfriamento rápido –hai 60 millóns de anos- da lava nun cráter ou caldeira volcánica.
O seu descubrimento anunciouse ó mundo en 1693 coa presentación dun documento no Trinity College de Dublín. A pintora Susanna Drury fíxoa moi popular coas súas pinturas de entre 1739 e 1743. En 1765 a Calzada apareceu na *Enciclopedia* francesa de Diderot. Desde o séc. XIX vén sendo un importante motivo de interese turístico. Foi declarada **Patrimonio da Humanidade** en 1986, e Reserva Natural Nacional en 1987.

O **proceso xeolóxico** da deu orixe á formación destas columnatas basálticas foi o seguinte: a lava incandescente nunha cheminea volcánica pode chegar a enfriarse in situ cando o volcán ou caldeira cesan na súa actividade eruptiva. Este enfriamento dá orixe ó basalto, que é unha rocha cristalina, aínda que con cristais sumamente pequenos debido a que o seu enfriamento foi moi rápido e a presión moito máis débil que a que soportan as rochas ígneas que dan lugar á formación de granito a maiores profundidades. A medida que o basalto vai formándose diminúe o seu volume e fórmanse prismas xeralmente hexagonais. Posteriormente, a erosión actúa primeiro sobre as rochas dos arredores debido a que o basalto é moito máis resistente, quedando ó descuberto ditas columnas.

A **lenda irlandesa** da súa creación.- Hai dúas versións, baseadas as dúas na existencia de dous xigantes, un de Irlanda –**Fionn Mac Cumhaill** (Fin MacCool, en inglés) e outro escocés (**Benandonner**); levábanse mal e estan continuamente arrebolándose pedras un ó outro, de tal xeito que se formou un campo sobre o mar. O xigante escocés decidiu pasar o camiño de pedras para derrotar o seu inimigo, pois considerábase el máis forte. A muller do xigante irlandés (Oonagh) vestiu o seu marido de bebé, e ó chegar o escocés e ver que o bebé era tan grande, pensou que o pai sería moito máis, o triple, e fuxiu pisando moi forte as pedras, que se afundiron no mar para que o xigante irlandés non puidese chegar ás terras escocesas.



Na outra versión cóntase que as columnas son os restos dunha calzada construída polo xigante irlandés, que aceptara o reto de pelexar co escocés; Fionn construíu a calzada ó longo da Canle do Norte para que os dous xigantes puidesen ter o enfrontamento, e acabou sendo o vencedor do combate.
Prezo por persoa: 7,50 € (incluíndo aparcamento e audioguía). Nenos e xubilados: 3,50 €.

7ª e derradeira noite (hotel en Dublín)